

Xoguete aerodeslizador

Necesitamos:

- Un CD ou un DVD
- Un cartón
- Un alfinete
- Tesoiras
- Unha botella de plástico
- Pegamento
- Un globo



Procedemento:



1. Recortamos un círculo de **cartón** e o pegámolo no centro do **CD** de maneira que tape o burato central.
2. Cun **alfinete** facemos algúns buratos no cartón.
3. Cortamos a parte superior dunha **botella** de plástico coas **tesoiras**.
4. Despois **pegamos** a parte superior da **botella** no **CD**.
5. Por último, inflamamos o **globo** e encaixámolo na botella.

Que pasa?

O aire ao saír do globo exerce presión sobre o chan e grazas ao contrapeso do CD, este queda a rentes do chan e deslízase lixeiramente.